

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36024203	IES Faro das Lúas	Vilanova de Arousa	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Bioloxía e xeoloxía	1º ESO	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	20
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	23
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	24
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	25
9. Outros apartados	25

## 1. Introducción

A presente programación de 1º de ESO de Bioloxía e Xeoloxía está baseada na nova Lei Orgánica 3/2020, do 29 de Decembro, que modifica a Lei orgánica 2/2006 do 3 de Maio de educación. Trátase dun documento que axuda a planificar e concretar o proceso de ensino e aprendizaxe dos elementos curriculares e, como tal, é un documento orientativo que pode ser susceptible de modificacións para adaptarse á realidade da aula ao longo do curso.

A materia de Bioloxía e Xeoloxía de 1º da ESO axudará ao noso alumnado a ser consciente das características do noso planeta, dos minerais e rochas que o forman; así como a comprender a orixe e distribución da actividade sísmica e volcánica do planeta baseada na tectónica de placas. Promoverá a conciencia ecolóxica en cuestións como o quecemento, a problemática dos plásticos, o cambio climático,... E permitirá ao noso alumnado recoñecer os diferentes tipos de ecosistemas e os seres vivos que habitan neles, as células que os forman, ... Ademais de sentar unhas bases do traballo co método científico, fases e experimentación.

Deste xeito, as competencias clave adquiridas ao acadar a materia axudarán ao alumnado no seu desenvolvemento persoal e na resolución de algunhas situacións relacionadas co seu día a día.

Así, a labor da docente versará en axudarlle a acadar a capacidade de pensar e actuar de forma crítica no relacionado cos saberes científicos, tanto biolóxicos como xeolóxicos, para así axudar na formación de persoas que sexan que de valorar o papel da ciencia na sociedade actual.

En referencia ao contexto do centro, este é o seguinte. O noso centro, o IES Faro das Lúas está ubicado na localidade de Vilanova de Arousa e a el acude alumnado tanto do centro da localidade como da súa contorna (Corón, Tremeo, Baión,...), de feito contamos con 4 liñas de transporte escolar. Por este motivo, o nivel socioeconómico das familia é diverso, podendo consideralo como medio ou medio-baixo.

Centrándonos xa no contexto das aulas para as que se elabora esta programación, estamos a falar de 3 aulas, 1ªA, 1ªB e 1ªC, de 16, 17 e 19 alumnas/os respectivamente. A clase de 1ªA está formada por 8 rapazas e 8 rapaces, entre os que contamos con alumnos que están a repetir curso, así como con diferentes casos de ACNEAE. O mesmo sucede na clase de 1ªB e 1ªC, salvo que nestes casos contamos con 7 alumnas e 10 alumnos e 9 rapazas e 10 rapaces, respectivamente. Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar e transmitir información e datos científicos argumentando sobre eles e utilizando diferentes formatos para analizar conceptos e procesos das ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	1-2-5		4	2-3				4
OBX2 - Identificar, localizar e seleccionar información, contrastando a súa veracidade, organizándoa e avaliándoa criticamente para resolver preguntas relacionadas coas ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	3	1	4	1-2-3-4-5	4			
OBX3 - Planificar e desenvolver proxectos de investigación, seguindo os pasos das metodoloxías científicas e cooperando cando sexa necesario para indagar en aspectos relacionados coas ciencias xeolóxicas e biolóxicas.	1-2		2-3-4	1-2	3		3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Utilizar o razoamento e o pensamento computacional, analizando criticamente as respostas e solucións e reformulando o procedemento, de ser necesario, para resolver problemas ou dar explicación a procesos da vida cotiá relacionados coa bioloxía e coa xeoloxía.			1-2	5	5		1-3	4
OBX5 - Analizar os efectos de determinadas accións sobre o medio ambiente e a saúde baseándose nos fundamentos das ciencias biolóxicas e da Terra para promover e adoptar hábitos que eviten ou minimicen os impactos ambientais negativos, que sexan compatibles cun desenvolvemento sostible e que permitan manter e mellorar a saúde individual e colectiva.			2-5	4	1-2	3-4	1	
OBX6 - Analizar os elementos dunha paisaxe concreta valorándoo como patrimonio natural e utilizando coñecementos sobre xeoloxía e ciencias da Terra para explicar a súa historia xeolóxica, propoñer accións encamiñadas á súa protección e identificar posibles riscos naturais.			1-2-4-5	1		4	1	1

### Descrición:

Contribución dos 6 obxectivos aos descritores das 8 competencias clave, que decido manter como propón a aplicación.

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As capas da Terra: a xeosfera	.	11	17	X		
2	A atmosfera		11	14	X		
3	A hidrosfera		11	12	X		
4	A biosfera e a célula		9	15		X	
5	Os seres vivos		13	18		X	
6	O reino animal		20	26		X	X
7	O reino vexetal		10	16			X
8	Ecoloxía e sostibilidade		9	14			X
9	Proyecto científico		6	8			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	As capas da Terra: a xeosfera	17

Critérios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar e clasificar distintos minerais mediante a observación das súas características e propiedades.	CA4.1. Identificar e clasificar os minerais máis representativos mediante a observación das súas características e propiedades.	PE	85
CA4.2 - Recoñecer diferentes rochas a través da súa clasificación en función da orixe e/ou dos minerais que as forman.	CA4.2. Recoñecer as rochas máis representativas a través da súa clasificación en función da orixe e/ou dos minerais que as forman.		
CA4.3 - Localizar rochas e minerais da contorna seleccionando información mediante o uso correcto de diferentes fontes.	CA4.3. Localizar rochas e minerais máis representativos da contorna seleccionando información mediante o uso correcto de diferentes fontes proporcionados pola docente.		
CA4.4 - Describir a importancia dos minerais e das rochas na sociedade relacionándoos coas súas aplicacións na vida cotiá.	CA4.4. Describir de forma básica a importancia dos minerais e das rochas na sociedade relacionándoos coas súas aplicacións na vida cotiá.		
CA4.5 - Valorar unha explotación sostible dos recursos xeolóxicos identificando os principais impactos que causa.	CA4.5. Valorar unha explotación sostible dos recursos xeolóxicos básicos e os principais impactos que causa.		
CA4.6 - Explicar a estrutura e a composición básica da xeosfera diferenciando as características xerais das capas que a forman.	CA4.6. Explicar a estrutura e composición básica da xeosfera diferenciando as características máis xerais das capas que a forman.		
CA4.7 - Relacionar a litosfera e o movemento das placas coas estruturas xeolóxicas que se orixinan nos bordos integrándoas na teoría da tectónica de placas.	CA4.7. Relacionar a litosfera e o movemento das placas coas estruturas xeolóxicas máis representativas que se orixinan nos bordos integrándoas na teoría da tectónica de placas.		
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	CA1.1. Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos sinxelos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:</li> <li>- Os minerais: características, propiedades e clasificación.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As rochas e a súa clasificación: sedimentarias, metamórficas e ígneas. O ciclo das rochas.</li> <li>- Identificación de rochas e minerais relevantes da contorna.</li> <li>- Aplicacións dos minerais e das rochas na vida cotiá.</li> <li>- Explotación sostible dos recursos xeolóxicos. Os recursos xeolóxicos en Galicia.</li> <li>- Estrutura e composición básica da xeosfera: codia, manto e núcleo.</li> <li>- Introducción á teoría da tectónica de placas.</li> <li>- A litosfera e o movemento das placas.</li> <li>- Estruturas xeolóxicas nos bordos das placas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	A atmosfera	14

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.1 - Explicar procesos biolóxicos ou xeolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico ou recursos dixitais.	CA5.1. Explicar procesos biolóxicos ou xeolóxicos sinxelos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico ou recursos dixitais.	PE	90
CA5.2 - Interpretar a paisaxe analizando os seus elementos e reflexionando sobre o impacto ambiental derivados de determinadas accións humanas.	CA5.2. Interpretar de modo sinxelo a paisaxe analizando os seus elementos e reflexionando sobre o impacto ambiental derivados de determinadas accións humanas.		
CA5.3 - Analizar as funcións da atmosfera e o seu papel esencial para a vida na Terra reflexionando sobre a importancia do efecto invernadoiro.	CA5.3. Analizar as funcións da atmosfera e o seu papel esencial para a vida na Terra reflexionando de modo superficial sobre a importancia do efecto invernadoiro.		
CA5.5 - Recoñecer os impactos ambientais sobre a hidrosfera e a atmosfera debidos á acción humana relacionándoos coas súas causas e consecuencias no medio.	CA5.5. Recoñecer os impactos ambientais sobre a atmosfera debidos á acción humana relacionándoos coas súas causas e consecuencias básicas no medio.		
CA5.6 - Comprender o papel determinante da atmosfera, hidrosfera, biosfera e xeosfera na edafoxénese, así como a súa influencia no modelado terrestre, identificando as funcións do solo.	CA5.6. Comprender de forma superficial o papel determinante da atmosfera, hidrosfera, biosfera e xeosfera na edafoxénese, así como a súa influencia na modelaxe terrestre, identificando as funcións do solo.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	CA1.1. Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos sinxelos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:</li> <li>- A atmosfera. Composición e estrutura.</li> <li>- Importancia da atmosfera para a existencia da vida na Terra.</li> <li>- Impactos ambientais sobre a atmosfera. O incremento do efecto invernadoiro e a contaminación atmosférica.</li> <li>- O cambio climático.</li> <li>- Interaccións entre a atmosfera, a hidrosfera, a xeosfera e a biosfera. O seu papel na edafoxénese e no modelado do relevo e a súa importancia para a vida. As funcións do solo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	A hidrosfera	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA5.2 - Interpretar a paisaxe analizando os seus elementos e reflexionando sobre o impacto ambiental derivados de determinadas accións humanas.	CA5.2. Interpretar de modo sinxelo a paisaxe analizando os seus elementos e reflexionando sobre o impacto ambiental derivados de determinadas accións humanas.	PE	85
CA5.4 - Analizar as funcións da hidrosfera e o seu papel esencial para a vida na Terra reflexionando sobre a importancia do ciclo da auga.	CA5.4. Analizar as funcións da hidrosfera e o seu papel esencial para a vida na Terra reflexionando de modo superficial sobre a importancia do ciclo da auga.		
CA5.5 - Recoñecer os impactos ambientais sobre a hidrosfera e a atmosfera debidos á acción humana relacionándoos coas súas causas e consecuencias no medio.	CA5.5. Recoñecer os impactos ambientais sobre a hidrosfera debidos á acción humana relacionándoos coas súas causas e consecuencias básicas no medio.		
CA5.6 - Comprender o papel determinante da atmosfera, hidrosfera, biosfera e xeosfera na edafoxénese, así como a súa influencia no modelado terrestre, identificando as funcións do solo.	CA5.6. Comprender de forma superficial o papel determinante da atmosfera, hidrosfera, biosfera e xeosfera na edafoxénese, así como a súa influencia na modelaxe terrestre, identificando as funcións do solo .		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	CA1.1. Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos sinxelos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:</li> <li>- A hidrosfera. Distribución da auga na Terra. Propiedades e ciclo da auga.</li> <li>- Importancia da auga para os seres vivos.</li> <li>- Impactos ambientais sobre a hidrosfera. Contaminación e xestión sostible da auga.</li> <li>- Interaccións entre a atmosfera, a hidrosfera, a xeosfera e a biosfera. O seu papel na edafoxénese e no modelado do relevo e a súa importancia para a vida. As funcións do solo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	A biosfera e a célula	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Recoñecer que os seres vivos están constituídos por células indicando as características que os diferencian da materia inerte.	CA2.2. Recoñecer de modo simple que os seres vivos están constituídos por células indicando as características que os diferencian da materia inerte.	PE	83
CA2.3 - Describir a célula como unidade estrutural e funcional dos seres vivos identificando as súas estruturas básicas e recoñecendo as súas funcións vitais.	CA2.3. Describir a célula como unidade estrutural, funcional dos seres vivos identificando as súas estruturas básicas e recoñecendo de modo sinxelo coas súas funcións vitais .		
CA2.4 - Identificar as estruturas básicas dos diferentes tipos de células empregando distintas estratexias de observación e comparación.	CA2.4. Identificar as estruturas básicas dos diferentes tipos de células.		
CA2.5 - Identificar os virus como entidades biolóxicas acelulares.	CA2.5. Identificar de forma sinxela os virus como entidades biolóxicas acelulares.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	CA1.1. Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos sinxelos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	TI	17
CA2.1 - Facilitar a comprensión e a análise de información sobre procesos biolóxicos ou traballos científicos transmitíndoa de forma clara e utilizando a terminoloxía e os formatos adecuados.	CA2.1. Facilitar a comprensión e a análise de información sobre procesos biolóxicos ou traballos científicos sinxelos transmitíndoa de forma clara e utilizando a terminoloxía e os formatos adecuados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:</li> <li>- Concepto de ser vivo.</li> <li>- A célula, unidade estrutural e funcional dos seres vivos.</li> <li>- Estrutura básica da célula. Tipos de células: procariotas e eucariotas.</li> <li>- Funcións vitais:</li> <li>- Nutrición: autotrofa e heterotrofa. A fotosíntese.</li> <li>- Relación.</li> <li>- Reprodución: sexual e asexual.</li> <li>- Observación e comparación de tipos de células ao microscopio e outros medios (vídeos, fotografías...) mediante distintas estratexias e destrezas.</li> <li>- Formas acelulares: os virus.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Os seres vivos	18

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Explicar as características que fan que a Terra sexa un planeta habitable.	CA3.1. Explicar de forma sinxela as características que fan que a Terra sexa un planeta habitable.	PE	85
CA3.2 - Recoñecer os criterios que serven para clasificar os seres vivos identificando as principais categorías taxonómicas ás que pertencen os animais e as plantas máis comúns.	CA3.2. Recoñecer os criterios básicos que serven para clasificar os seres vivos identificando as principais categorías taxonómicas a que pertencen os animais e as plantas máis comúns.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.3 - Describir as características xerais dos grandes grupos de seres vivos utilizando as claves para a identificación e a clasificación de seres vivos.	CA3.3. Describir as características xerais dos grandes grupos de seres vivos e utilizar as claves básicas para a identificación e a clasificación de seres vivos.		
CA3.4 - Comprender o proceso evolutivo localizando e analizando algúns exemplos de adaptacións dos seres vivos.	CA3.4. Comprender o proceso evolutivo localizando e analizando algúns exemplos sinxelos de adaptacións dos seres vivos.		
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	CA1.1. Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos sinxelos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:</li> <li>- A biosfera. Características que fan da Terra un planeta habitable.</li> <li>- Diferenciación e clasificación dos reinos monera, protocista, fungi, vexetal e animal.</li> <li>- Os principais grupos taxonómicos: observación de especies da contorna e clasificación a partir das súas características distintivas</li> <li>- As especies da contorna: estratexias de identificación (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu...).</li> <li>- Estratexias de recoñecemento das especies máis comúns dos ecosistemas da contorna (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu¿).</li> <li>- O proceso evolutivo. Introducción aos conceptos da selección natural e as adaptacións ao medio.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	O reino animal	26

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Recoñecer os criterios que serven para clasificar os seres vivos identificando as principais categorías taxonómicas ás que pertencen os animais e as plantas máis comúns.	CA3.2. Recoñecer os criterios básicos que serven para clasificar os seres vivos identificando as principais categorías taxonómicas a que pertencen os animais máis comúns.		
CA3.3 - Describir as características xerais dos grandes grupos de seres vivos utilizando as claves para a identificación e a clasificación de seres vivos.	CA3.3. Describir as características xerais dos grandes grupos de seres vivos e utilizar as claves básicas para a identificación e a clasificación de seres vivos.	PE	85

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Comprender o proceso evolutivo localizando e analizando algúns exemplos de adaptacións dos seres vivos.	CA3.4. Comprender o proceso evolutivo localizando e analizando algúns exemplos sinxelos de adaptacións dos seres vivos.		
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	CA1.1. Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos sinxelos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:</li> <li>- Diferenciación e clasificación dos reinos monera, protocista, fungi, vexetal e animal.</li> <li>- Os principais grupos taxonómicos: observación de especies da contorna e clasificación a partir das súas características distintivas</li> <li>- As especies da contorna: estratexias de identificación (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu...).</li> <li>- Estratexias de recoñecemento das especies máis comúns dos ecosistemas da contorna (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu).</li> <li>- O proceso evolutivo. Introducción aos conceptos da selección natural e as adaptacións ao medio.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	O reino vexetal	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoñecer os criterios que serven para clasificar os seres vivos identificando as principais categorías taxonómicas ás que pertencen os animais e as plantas máis comúns.	CA3.2. Recoñecer os criterios básicos que serven para clasificar os seres vivos identificando as principais categorías taxonómicas a que pertencen as plantas máis comúns.		
CA3.3 - Describir as características xerais dos grandes grupos de seres vivos utilizando as claves para a identificación e a clasificación de seres vivos.	CA3.3. Describir as características xerais dos grandes grupos de seres vivos e utilizar as claves básicas para a identificación e a clasificación de seres vivos.	PE	85
CA3.4 - Comprender o proceso evolutivo localizando e analizando algúns exemplos de adaptacións dos seres vivos.	CA3.4. Comprender o proceso evolutivo localizando e analizando algúns exemplos sinxelos de adaptacións dos seres vivos.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	CA1.1. Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos sinxelos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:</li> <li>- Diferenciación e clasificación dos reinos monera, prototista, fungi, vexetal e animal.</li> <li>- Os principais grupos taxonómicos: observación de especies da contorna e clasificación a partir das súas características distintivas</li> <li>- As especies da contorna: estratexias de identificación (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu...).</li> <li>- Estratexias de recoñecemento das especies máis comúns dos ecosistemas da contorna (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu).</li> <li>- O proceso evolutivo. Introducción aos conceptos da selección natural e as adaptacións ao medio.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Ecoloxía e sostibilidade	14

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.1 - Coñecer os compoñentes dun ecosistema establecendo as relacións existentes entre eles.	CA6.1. Coñecer os compoñentes básicos dun ecosistema establecendo as relacións existentes entre eles.	PE	85
CA6.2 - Explicar as características xerais dos principais ecosistemas terrestres e acuáticos facendo unha especial referencia aos ecosistemas galegos.	CA6.2. Explicar as características xerais dos principais ecosistemas terrestres e acuáticos facendo unha especial referencia aos ecosistemas galegos máis representativos.		
CA6.3 - Identificar nun ecosistema os factores desencadeantes de desequilibrios indicando estratexias para restablecelos e difundindo accións que favorezan a conservación medioambiental.	CA6.3. Identificar nun ecosistema os factores desencadeantes de desequilibrios indicando estratexias para restablecelos e difundindo accións sinxelas que favorezan a conservación ambiental.		
CA6.4 - Analizar criticamente a solución a un problema ambiental relacionándoo con fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	CA6.4. Analizar criticamente a solución a un problema ambiental sinxelo relacionándoo con fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.5 - Recoñecer a información con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas etc. e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	CA6.5. Recoñecer de forma sinxela a información con base científica de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas etc., e mantendo unha actitude escéptica ante estes.		
CA6.6 - Relacionar con fundamentos científicos a preservación da biodiversidade, a conservación do medio ambiente, a protección dos seres vivos da contorna, o desenvolvemento sostible e a calidade de vida.	CA6.6. Relacionar con fundamentos científicos básicos a preservación da biodiversidade, a conservación do ambiente, a protección dos seres vivos da contorna, o desenvolvemento sostible e a calidade de vida.		
CA6.7 - Propoñer e adoptar hábitos sostibles analizando dunha maneira crítica as actividades propias e alleas a partir dos propios razoamentos, dos coñecementos adquiridos e da información dispoñible.	CA6.7. Propoñer hábitos sostibles simples analizando dunha maneira crítica as actividades propias e alleas a partir dos propios razoamentos, dos coñecementos adquiridos e da información dispoñible.		
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	CA1.1. Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos sinxelos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	TI	15

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:</li> <li>- Os ecosistemas:</li> <li>- Elementos bióticos e abióticos. Relacións intraespecíficas e interespecíficas.</li> <li>- Importancia da conservación dos ecosistemas, a biodiversidade e a implantación dun modelo de desenvolvemento sostible.</li> <li>- Exemplos da contorna.</li> <li>- Impactos sobre os ecosistemas ocasionados por actividades humanas.</li> <li>- Importancia da adquisición dos hábitos sostibles (consumo responsable, prevención e xestión de residuos, respecto ao medio ambiente).</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	Proyecto científico	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	CA1.1. Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos sinxelos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	TI	100
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.	CA1.2. Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía sinxelas localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.		
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	CA1.3. Expor preguntas e hipóteses básicas e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	CA1.4. Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos simples con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.		
CA1.5 - Deseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	CA1.5. Deseñar e realizar a experimentación básicas, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.		
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante o formato e as ferramentas dixitais adecuadas, interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	CA1.6. Presentar as conclusións de xeito non demasiado profundo do proxecto de investigación mediante o formato e as ferramentas dixitais adecuadas, interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.		
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	CA1.7. Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, respectando a diversidade e a igualdade.		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	CA1.8. Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo en constante evolución.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:
- Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas.
- Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...).
- Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica.
- Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais.
- Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento.
- A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada
- Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade.
- Modelado como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza.
- O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Bioloxía e Xeoloxía de 1º da ESO no IES Faro das Lúas conta con 4 sesións semanais, nas que tratarei de que as/os nosas/os alumnas/os acaden as competencias clave, os seus descritores e os obxectivos relacionados. O proceso ensinanza-aprendizaxe non é simplemente un proceso de transvasamento de coñecementos, senón unha interacción entre o profesor-alumno, alumno-alumno e alumno- material de traballo. A metodoloxía empregada nesta programación está baseada na concepción construtivista da aprendizaxe fixándonos máis no proceso que no resultado, aínda que sen menosprezar ningún. Esta aprendizaxe deberá ser significativa, de tal xeito que o alumno sexa quen de construír as novas ideas ou conceptos que xurdan na materia, sobre ideas previas que xa posúe. É prioritario, polo tanto, detectar no alumnado posibles erros que traian nos seus esquemas de coñecemento xa que é posible que sexan moitos e variados.

Para ter unha boa predisposición do alumnado, faremos os contidos atractivos, dándolles coñecementos útiles para resolver e comprender problemas reais da súa contorna (por exemplo, traballar a problemática dos plásticos, de feito trataremos de facer unha saída didáctica o día 18 de Outubro asociada á XII Limpeza Simultánea de Praias organizada por ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia)) e trataremos cuestións de actualidade (por exemplo, o aumento de fenómenos meteorolóxicos extremos como a DANA de principios de setembro en Toledo, ou o sismo de Marrocos, localizado preto do límite entre placas tectónicas).

A metodoloxía ademais, deberá ser activa, propiciando o razoamento e a análise crítica por parte do alumnado, e variada, de tal forma que se adaptará a cada un dos obxectivos a alcanzar e a diversidade do alumnado. Estará deseñada de tal forma que o alumno reflexione máis sobre o porqué e para que das actividades que realiza, logrando un maior autoconocemento e autoafirmación de se mesmo.

No proceso de ensinanza e aprendizaxe han de asegurarse distintos tipos de aprendizaxe:

1º: Aprendizaxe significativa. Partindo dos coñecementos previos, os alumnos e alumnas han de ser capaces de aprender a aprender, para poder establecer relacións entre a materia e a súa propia realidade.

2º: Aprendizaxe funcional. Os novos contidos deberán ser empregados polos alumnos/as cando así estes o precisen. Para iso débese facer unha memorización comprensiva e razoada.

3º: Aprendizaxe cooperativa. Traballar a materia en grupo, no laboratorio, no desenvolvemento de proxectos de investigación ou mediante debates, aumentará o interese pola mesma (sempre e cando as condicións o permitan).

4º: Aprendizaxe mediante o emprego das TICs. Coa utilización de Internet, de vídeos divulgativos e do encerado dixital, que será utilizado como apoio constante ás explicacións.

Os instrumentos metodolóxicos que se poden usar serán varios, dependendo dos obxectivos a alcanzar e dos contidos a tratar, así:

- a) Métodos expositivos como a lección comunicativa, que se empregará para introducir, sobre todo, contidos conceptuais. Estas leccións comunicativas, permitirán unha interacción ordenada entre o profesor e a/o alumna/o, de forma recíproca e bidireccional. Estarán apoiadas sempre con material audiovisual ( libro Netex de Edixgal e/ou presentacións power point que o alumno/a terá a súa disposición na plataforma E-dixgal)
- b) Métodos baseados na resolución de problemas e actividades de reflexión. En Ciencias, a resolución de problemas por parte do alumnado é fundamental, xa que debe de ser el o que experimente e constrúa o significado do aprendido. Así, afianzaránse os contidos asimilados e crearanse novas inquietudes.
- c) Traballo experimental no laboratorio (de poder realizar prácticas de laboratorio), coa realización de análises e medicións de distintas variables biolóxicas, observación de estruturas e procesos naturais, prantexamento de hipóteses, experimentación e achega de resultados,... É importante, para que o alumno non se despiste e sexa capaz de seguir ordenadamente a práctica, que lle entreguemos un guión/protocolo ao comezar as prácticas. Así mesmo, é importante que elabore un informe da práctica realizada, no que anote os pasos seguidos e as conclusións as que chegou.
- d) Saídas didácticas ao entorno da/o alumna/o onde pode descubrir os conceptos tratados na aula e afianzar os seus coñecementos, así mesmo estas saídas didácticas acercan ao alumno/a á realidade do mundo que o rodea. (No apartado de actividades extraescolares están reflectidas as programadas ao inicio do curso, sen prexuízo de que podan xurdir novas saídas que se axusten e sexan axeitadas para o proceso de ensino-aprendizaxe do noso alumnado).

e) Proxecto E-DIXGAL

Preténdese así, acercar as novas tecnoloxías aos alumnos no día a día na clase e no traballo na casa, e contribuír á construción da propia aprendizaxe. Pretendemos que o uso das novas tecnoloxías estea presente no día a día na aula, no desenvolvemento de todas as unidades didácticas, e que así os alumnos podan acceder a novos tipos de aprendizaxes máis visuais e interactivos que probablemente sexan máis atractivos para eles.

d) Tipos de actividades de ensinanza-aprendizaxe

Para pór en práctica esta metodoloxía é importante o desenvolvemento dunhas actividades de ensino-aprendizaxe que poden clasificarse en varios grupos:

v Actividades de Iniciación: realizaranse ao principio do curso e/ou ao principio de cada unidade didáctica. Estas actividades servirán para pescudar os coñecementos que os alumnos teñan sobre os contidos a tratar, e tamén para motivalos de cara a unha nova aprendizaxe. Poderán ser baterías de imaxes e cuestións referidas a elas, un pequeno texto para comentar, unha chuvia de ideas,...

v Actividades de Desenvolvemento: con estas actividades iremos introducindo de xeito progresivo os contidos propios da materia permitindo así introducir os aprendizaxes significativos. Estas actividades serán variadas: actividades de reflexión, problemas, prácticas de laboratorio, busca de información, tratamento da información,... Aínda que moitas delas serán propostas para facer na casa, outras serán propostas (se a temporalización o permite) para que se fagan na aula en pequenos grupos. Isto é positivo, pois cando o alumno encontra dificultades é máis probable que as resolva colaborando con outros compañeiros, chegando así á zona de "desenvolvemento próximo" que evita a frustración cando nos son capaces de resolver algún problema.

v Actividades de Reforzo-Ampliación: Con estas actividades traballaremos os contidos básicos da materia (reforzo) e responderemos aos intereses e inquietudes dos alumnos (ampliación). Deste xeito, trataremos de dar resposta a diferentes necesidades que require cada alumno debido a súa diversidade. Poderán ser individuais ou en grupo.

v Actividades finais de bloque: ao final de cada bloque trataremos de levar a cabo, sempre que a temporalización o permita, actividades que relacionen tódolos contidos vistos.

A contribución en concursos e proxectos

Proxecto Lector de Centro: dende a materia de Bioloxía e Xeoloxía contribuímos ao Proxecto Lector de Centro con pequenas lecturas seleccionadas de libros a partir de libros (a maioría presentes na Biblioteca Escolar) que realizaremos en momentos puntuais ou en datas sinaladas (Semana da Ciencia, Día da Muller e a Nena na ciencia, ...).

Polo Creativo: a resolución positiva da Consellería de Educación da solicitude do Polo Creativo no IES Faro das Lúas no mes de Outubro do ano pasado, supuxo a posta en marcha do proxecto Senda das Lúas, no que a materia de Bioloxía e Xeoloxía contribuirá cun traballo sobre a flora da zona colindante á Senda das Lúas, tanto autóctona como invasora. Toda esta metodoloxía de traballo poderá levarse a cabo grazas diversas formas de agrupamento: gran grupo, equipos de traballo cooperativos ou traballo individual.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
- Ordenador portátil Edixgal en préstamo co cal cada alumno/ pode traballar na clase e na casa (Eva Offline).
- Materiais subministrados pola docente e recompilados na plataforma E-Dixgal: imaxes, enlaces a simulacións interactivas, PDFs...
- Libros específicos dun tema en concreto (Plásticos maritimus, Planeta a la fuga, El libro del clima, etc) á disposición do alumnado no departamento e/ou na biblioteca escolar para realizar consultas.
- Material de laboratorio (minerais, rochas, ...) así como os protocolos de prácticas de laboratorio (en caso de ser posible a súa realización).
- Prensa escrita e revistas de divulgación científica.

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste en dúas aulas convenientemente equipadas cun encerrado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo en gran grupo, por equipos ou traballo individual.

O espazo empregado para as clases prácticas será o laboratorio de ciencias (sempre e cando se poidan levar a cabo ditas prácticas), dotado do instrumental e materiais presentes de xeito habitual nun laboratorio escolar.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias e contidos básicos. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como o seu coñecemento das destrezas da materia así como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, unha vez rematadas as sesións de avaliación inicial coa xunta de avaliación do grupo e o Departamento de Orientación, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer en dita sesión e, en función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

Ao longo do curso, se a temporalización o permite, realizaranse tamén remuíños de ideas ou actividades similares, para coñecer as competencias e contidos básicos de cada UD (contando con que os criterios de avaliación e contidos da parte de Bioloxía son xa moi xenéricos).

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>9</b>	<b>13</b>	<b>20</b>	<b>10</b>	<b>9</b>	<b>6</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	85	90	85	83	85	85	85	85	0	<b>80</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	15	10	15	17	15	15	15	15	100	<b>20</b>

### Criterios de cualificación:

## PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Estableceranse as seguintes directrices:

- Existirán tres avaliacións trimestrais ao longo do curso e unha ordinaria (en xuño).
- Os criterios de avaliación CA2.1.e CA1.1. tamén serán susceptibles de avaliar mediante proba escrita, (decidín non crear subcriterios, pois realmente non se trata dun subcriterio, é o mesmo criterio de avaliación, tal cal e redactado do mesmo xeito). De modo similar posibilitase a opción de realizar unha proba escrita na unidade didáctica 9, a criterio da profesora.
- Pódese dar o caso de que un criterio (de pouco peso orientativo) que vai ser avaliado por unha proba escrita, apareza nunha proba escrita dunha clase de 1ºESO e noutra non, pois resulta inviable avaliar todos os criterios nunha soa proba escrita adaptada ao seu tempo de realización e que as probas sexan diferentes entre si.
- Dentro de cada trimestre realízase a avaliación das unidades didácticas previstas (ver apartados 3.1. e 3.3.). Se non fose posible cumprir os prazos temporais previstos, avalíase sobre os aspectos parciais da materia que se teñan desenvolvido ata ese momento.

Empregaranse diferentes PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS na avaliación de cada unidade didáctica:

a) Probas escritas que terán a intención de valorar distintos aspectos no proceso de aprendizaxe do alumno como son: comprensión e argumentación de conceptos, aplicación dos mesmos a propostas pechadas concretas, argumentación razoada e con rigor científico ante diferentes propostas suscitadas sobre feitos concretos, resolución de cuestións, problemas de tipo práctico, resolución de preguntas tipo testou verdadeiro e falso, probas de interpretación de datos, debuxos e imaxes,... No caso de que algún alumno, por causa excepcional, non poida facer as probas de forma escrita, valorarase pospoñer dita proba ou realización de xeito oral. No caso de falta de asistencia xustificada documentalmente o día e hora da proba, poderá realizárselle dita proba noutra clase o día que o docente o considere oportuno.

b) Traballos de investigación, nestes traballos poderase avaliar as diferentes competencias e criterios de avaliación que se traballen en cada actividade. Durante polo menos o 1º trimestre (probablemente extensible aos outros dous) traballaremos con noticias de prensa. Cada clase terá adxudicado un día á semana para entregar e expoñer/ler as súas noticias de prensa. A noticia será entregada en tempo e forma (nun folio, coa anotación do medio de publicación e a data e un resumo da noticia elixida nunha extensión mínima dunha cara de dito folio). Presentarán ata cinco noticias no 1º trimestre podendo obter ata un máximo de 0,5 puntos (0,1 puntos por noticia entregada en tempo e forma). O resto dos trimestres aínda por determinar, dependerá do resultado do indicador de logro de dito ítem.

c) Observación na aula, en este apartado poderase avaliar a responsabilidade e disposición de cara o traballo na realización e presentación das tarefas solicitadas para facer na casa; realización de comentarios construtivos sobre a materia ou pregunta dúbidas en voz alta, respectando as quendas de palabra; traer diariamente os seu material á clase (ordenador, libreta, bolígrafo, noticias de prensa, etc.) o que lle permite seguir con aproveitamento a sesión; responsabilidade de traballo e fronte a distintos temas tratados; capacidade de traballo individual e en grupo,...

d) Caderno de aula e actividades da contorna dixital, no que o alumno/a deberá recoller o traballo feito na aula, na casa ou nas contornas dixitais a partir das propostas feitas pola profesora, así, recollerá dende esquemas da materia elaborados ao longo do curso, resolución de exercicios e corrección dos mesmos, actividades de razoamento,.... O caderno/carpeta debe estar sempre completo, ao día, corrixido, presentable e dispoñible para ser recollido calquera día de clase; todo o que estea no caderno/carpeta tamén é materia de exame.

e) Actividade de laboratorio, o alumno/a deberá recoller nuns informes/protocolos que terá que entregar á profesora coas actividades realizadas no laboratorio: principios das prácticas, desenvolvemento, argumentación, análise dos resultados, conclusión ás que se chegou,...

O emprego de cada un destes procedementos en particular, poderá variar dunha unidade didáctica a outra, dependendo do carácter dos criterios que a integren e das circunstancias do momento. Polo tanto, tamén variará o peso da cualificación para cada un deles en cada unidade/trimestre.

Os CRITERIOS DE CORRECCIÓN DOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN son os seguintes.

### 1) PROBA ESCRITA

A proba escrita versará sobre os criterios de avaliación e contidos descritos en cada unidade didáctica. A proba cualificarase entre 0-10 puntos. No caso de que algún alumno, por causa excepcional, non poida facer a proba de forma escrita, plantexarase a posibilidade de cambiar a data ou realizala de xeito oral. No caso de falta de asistencia xustificada documentalmente o día e hora da proba, poderá realizárselle dita proba noutra clase o día que o docente o considere oportuno.

A proba escrita estará desglosada en preguntas de diferente tipoloxía, indicando a súa puntuación:

- Preguntas curtas para desenvolver: Valorarase a precisión, razoamento e grao de profundidade das respostas emitidas, así como a incorporación da nova terminoloxía da unidade. Do mesmo xeito, deberase coidar a ortografía (un exceso de faltas ortográficas poderá baixar a nota do exame ata 2 puntos, a 0,2 puntos por falta ortográfica).
- Preguntas de identificar as partes dun debuxo/esquema/estrutura.

- Preguntas tipo test:

-Resposta múltiple: cada ítem presentará catro opcións, existindo a posibilidade de que máis dunha opción sexa correcta. O test poderá contar negativo. Por exemplo: cada tres ítems erróneos penalizan un ítem correcto. De ser o caso, advertirase no enunciado da pregunta e incluírase a fórmula de cálculo:  $N^{\circ}$  respostas acertadas x Valor ítem - ( $N^{\circ}$  respostas erróneas/3) x Valor do ítem.

-Verdadeiro/falso: os ítems presentarán dúas opción V/F. O test poderá contar negativo: cada tres ítems erróneos penalizan un ítem correcto. De ser o caso, advertirase no enunciado da pregunta e incluírase a fórmula de cálculo que corresponda.

- Preguntas de completar con termos que faltan. Inclúense espazos baleiros para completar cun termo ou cunha frase breve.

- Preguntas de relacionar conceptos entre dúas columnas: computárase o  $n^{\circ}$  de acertos e non penalizarán as respostas erróneas. Poderase solicitar que se redacte unha frase con sentido biolóxico/xeolóxico cos termos emparellados.

- Preguntas curtas sobre a interpretación de gráficas: Valorárase a precisión, razoamento e grao de profundidade das respostas emitidas.

- Preguntas de debuxar. Valorárase principalmente, a ubicación e correcta interpretación dos conceptos, non recaendo o peso da pregunta sobre a execución artística dos mesmos.

- Preguntas de construción de frases a partir de terminoloxía específica da unidade: valorárase a precisión, razoamento e grao de profundidade das respostas emitidas, así como a incorporación da nova terminoloxía da unidade. Do mesmo xeito, deberase coidar a ortografía (un exceso de faltas ortográficas poderá baixar a nota do exame ata 2 puntos, a 0,2 puntos por falta ortográfica grave).

- Cuestións similares ás anteriormente citadas,...

## 2) TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN

Estes traballos serán valorados mediante unha serie de ítems (extensión, formato, contido etc.) que serán explicados ao alumnado polas profesoras cando se encomende esta tarefa, e colgados como información nas plataformas virtuais correspondentes. A entrega en tempo e forma da tarefa contará unha porcentaxe determinada do total da cualificación.

Este tipo de actividades poñen de manifesto entre outras, a competencia dixital, a competencia de aprender a aprender, a capacidade de busca de información, exposición das conclusións ás que chegan, capacidade de comprensión lectora e expresión escrita,...

Durante polo menos o 1<sup>o</sup> trimestre (probablemente extensible aos outros dous) traballaremos con noticias de prensa. Cada clase terá adxudicado un día á semana para entregar e expoñer/ler as súas noticias de prensa. A noticia será entregada en tempo e forma (nun folio, coa anotación do medio de publicación e a data e un resumo da noticia elixida nunha extensión mínima dunha cara de dito folio). Presentarán ata cinco noticias no 1<sup>o</sup> trimestre podendo obter ata un máximo de 0,5 puntos (0,1 puntos por noticia entregada en tempo e forma).

## 3) OBSERVACIÓN NA AULA.

O alumno/a acadará a máxima puntuación prevista neste apartado se:

a) Demostra a súa responsabilidade e disposición cara o traballo na realización e presentación das tarefas solicitadas para facer na casa.

b) Atende á petición do profesor para que corrixa en voz alta as tarefas solicitadas para facer na casa.

c) Realiza comentarios construtivos sobre a materia ou pregunta dúbidas en voz alta, respectando as quendas de palabra.

d) Respecta as quendas de palabra para permitir o correcto desenvolvemento da clase.

e) Trae diariamente os seu material á clase (ordenador, libreta, bolígrafo, noticias de prensa, etc.) o que lle permite seguir con aproveitamento a sesión.

f) Demostra alta capacidade de traballo individual ou en grupo.

g) Demostra alta capacidade de razoamento .

## 4) CADERNO E ACTIVIDADES DA COTORNA DIXITAL:

O alumno/a acadará a máxima puntuación prevista neste apartado se:

a) Mantén o caderno e as actividades da cotorna dixital ao día con todos os exercicios feitos e corrixidos, resumos da materia, apuntamentos,...

b) O caderno está coidado, presentable, amosando limpeza, orde e letra clara.

c) Non presenta erros ortográficos nin gramaticais.

O caderno/carpeta debe estar sempre completo, ao día, corrixido, presentable e dispoñible para ser recollido calquera día de clase; todo o que estea no caderno/carpeta tamén é materia de exame.

## 5) ACTIVIDADE/ FICHA LABORATORIO:

O alumno/a acadará a máxima puntuación prevista neste apartado se:

a) Actúa de xeito responsable no laboratorio e coida os instrumentos e o material empregado.

b) Atende aos pasos do traballo experimental, e se esforza por debuxar as súas observacións e completar as

preguntas e que se lle indican.

Presenta os informes que coas actividades realizadas no laboratorio, así dende os principios teóricos das prácticas ou experimentos desenvolvidos, desenvolvemento, argumentación, análise dos resultados, conclusións,... e responde con acerto ás cuestións que se preguntan na ficha.

En referencia á CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN DO TRIMESTRE: obterase aplicando das seguintes porcentaxes:

- 80% corresponderá as probas escritas (en cada trimestre realizaranse unha ou máis probas escritas, en función do trimestre). A nota da avaliación correspondente a este apartado será a o resultado da media ponderada das probas escritas. No caso de falta de asistencia xustificada documentalmente o día e hora da proba, poderá realizárselle dita proba noutra clase o día que o docente o considere oportuno.

- 20% corresponderá á análise da produción dos alumnos/as que virá recollido pola cualificación dos apartados b) traballos de investigación, c) observación da aula, d) caderno da aula e actividades da contorna dixital e e) actividade de laboratorio (en caso de ser posible a súa realización). O peso de cada unha destes apartados variará en función da unidade didáctica/trimestre.

O resultado de aplicar estes porcentaxes, dará lugar a un valor que será expresado sen decimais, redondeado á unidade máis próxima, sempre e cando a observación do alumno ou alumna sexa positiva.

Os alumnos/as que non acadaran a nota de SUFICIENTE nalgunha avaliación, terán posibilidade de recuperala na seguinte avaliación ou en xuño (a criterio da profesora), mediante unha proba escrita que versará sobre os contidos e criterios de avaliación desenvolvidos.

A mediados/finais do mes de Xuño realizarase a media aritmética da nota de cada unha das 3 avaliacións trimestrais sen ter en conta o redondeo anteriormente mencionado, é dicir, cos decimais que correspondan en cada caso. Para a promoción da materia é preciso obter unha nota mínima de 5 en dita media aritmética; deste xeito a/o alumna/o non deberá realizar a proba final ordinaria de Xuño. Dita media aritmética expresada sen decimais será a nota que dita/o alumna/o recibirá na avaliación final ordinaria de Xuño (esta media será redondeada á unidade máis próxima sempre e cando a observación do alumno ou alumna sexa positiva.)

### **Criterios de recuperación:**

A mediados/finais do mes de Xuño realizarase a media aritmética da nota de cada unha das 3 avaliacións trimestrais sen ter en conta o redondeo anteriormente mencionado, é dicir, cos decimais que correspondan en cada caso. Para a promoción da materia é preciso obter unha nota mínima de 5 en dita media aritmética; deste xeito a/o alumna/o non deberá realizar a proba final ordinaria de Xuño. Dita media aritmética expresada sen decimais será a nota que dita/o alumna/o recibirá na avaliación final ordinaria de Xuño (esta media será redondeada á unidade máis próxima sempre e cando a observación do alumno ou alumna sexa positiva.)

Aquel alumnado que, unha vez feita a media aritmética das tres avaliacións parciais trimestrais, obteña unha cualificación inferior a 5 deberá recuperar a materia. O alumnado que teña que recuperar a materia deberá realizar unha PROBA ESCRITA ORDINARIA DE XUÑO a finais de dito mes (datas aínda por determinar). Esta proba axustarase ao grao mínimo de consecución dos criterios de avaliación da materia e será levada a cabo mediante unha proba escrita na que a/o alumna/o deberá de sacar un mínimo de 5 para superar a proba.

A duración mínima da proba escrita ordinaria de Xuño será de 20 minutos, non podendo entregar nin abandonar a aula do exame ata transcorridos os 20 minutos, momento a partir do cal tampouco poderá entrar na proba calquera alumno/a que chegara con retraso, coa finalidade de respectar o principio de equidade para o alumnado.

No caso de falta de asistencia o día e hora da proba, aínda que esta sexa xustificada documentalmente, a repetición ou non da proba dependerá de que a profesora considere poder levala a cabo dentro do calendario escolar da Consellería de Educación para o presente curso.

## **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

### **1. ACTIVIDADES DE REFORZO.**

Os alumnos con materias pendentes recibirán un (ou máis) boletín de exercicios, cuestionarios e actividades de reforzo por trimestre que versarán sobre os contidos mínimos/mínimo de consecución dos criterios de avaliación. Estes boletíns e o desenvolvemento deste programa de reforzo corresponderalle ao profesor que imparta a materia pendente no presente curso, segundo o Artigo 51. da Orde do 8 de Setembro de 2021 sobre a Atención á Diversidade.

A realización correcta e en tempo destas actividades utilizarase tamén como instrumento de avaliación para a cualificación final da materia pendente.

Aqueles alumnos que así o desexen disporán dunhas citas de titorías ofrecidas polo departamento para resolver dúbidas, consultar contidos que non quedaran claros...etc. Estas titorías terán lugar unha vez ao mes para cada nivel educativo, e serán de carácter presencial (no recreo). As datas de ditas titorías serán pactadas co alumnado no

momento de entrega dos boletíns ou a posteriori se o alumnado o precisa.

## 2. ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN.

O alumnado coa materia pendente realizará tres probas escritas que se farán ao longo de cada avaliación (unha proba por avaliación), e que versarán sobre os contidos mínimos/mínimo de consecución dos criterios de avaliación. A materia polo tanto, desdobarase en tres bloques do xeito máis equitativo posible.

## 3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PENDENTES.

- O boletíns de exercicios, cuestionarios e actividades de reforzo poderán aportar ata un máximo dun 40% da nota de cada avaliación. Preténdese con esta medida valorar e premiar o traballo e o interese do alumnado por acadar os obxectivos da materia pendente. É imprescindible a entrega dos exercicios programados para cada parte da materia en forma e tempo, dentro dos prazos estipulados. Non se admitirán os exercicios despois da data estipulada para a entrega.

- A realización de unha proba escrita ao longo de cada trimestre aportará o 60% restante da nota trimestral. No caso de falta de asistencia xustificada documentalmente o día e hora da proba, poderá realizárselle dita proba noutra clase o día que o docente o considere oportuno. A duración mínima da proba escrita será de 20 minutos, non podendo entregar nin abandonar a aula do exame ata transcorridos os 20 minutos, momento a partir do cal tampouco poderá entrar na proba calquera alumno/a que chegara con retraso, coa finalidade de respectar o principio de equidade para o alumnado.

- Se o alumnado non entrega ningún boletín de exercicios feitos en tempore forma a cualificación final virá dada exclusivamente pola nota do exame trimestral, representando esta o 100% da nota trimestral.

Aquel alumnado que, unha vez feita a media aritmética das tres avaliacións parciais trimestrais, obteña unha cualificación igual ou superior a 5 terá a materia aprobada. Dita media aritmética expresada sen decimais será a nota que dita/o alumna/o recibirá na avaliación final ordinaria de Xuño (esta media será redondeada á unidade máis próxima sempre e cando a observación (entrega de boletíns en tempo en forma, asistencia ás reunións que convoque a docente,...) do alumno ou alumna sexa positiva). Aquel alumnado que, unha vez feita a media aritmética das tres avaliacións parciais trimestrais, obteña unha cualificación inferior a 5 deberá recuperar a materia. O alumnado que teña que recuperar a materia deberá realizar unha PROBA ESCRITA ORDINARIA DE XUÑO a finais de dito mes (datas aínda por determinar). Esta proba axustarase ao grao mínimo de consecución dos criterios de avaliación da materia e será levada a cabo mediante unha proba escrita, que corresponderá ao 100% da nota da avaliación ordinaria de xuño, na que a/o alumna/o deberá de sacar un mínimo de 5 para superar a proba. A duración mínima da proba escrita será de 20 minutos, non podendo entregar nin abandonar a aula do exame ata transcorridos os 20 minutos, momento a partir do cal tampouco poderá entrar na proba calquera alumno/a que chegara con retraso, coa finalidade de respectar o principio de equidade para o alumnado. No caso de falta de asistencia o día e hora da proba, aínda que esta sexa xustificada documentalmente, a repetición ou non da proba dependerá de que a profesora considere poder levala a cabo dentro do calendario escolar da Consellería de Educación para o presente curso.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade é unha característica intrínseca dos grupos humanos, xa que todos temos unha maneira diferente de pensar, de actuar, de responder cos nosos cerebros típicos e neuroatípicos.... e polo tanto os alumnos/as, como grupo humano que é, presenta unha diversidade a que compre darlle resposta e (artigo 52 da Orde 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade)..

As medidas que se tomarán na aula para atender a toda esta diversidade serán varias e diversas, por unha parte, actividades de reforzo que traballen os contidos básicos, esenciais e prioritarios da materia, por outra parte, se traballarán tamén actividades de ampliación de diversos contidos tratados a priori, estas actividades de ampliación darán resposta aos diferentes intereses presentes no alumnado. Por outra banda, as probas escritas, constarán de preguntas variadas, preguntas de verdadeiro e falso, de desenvolvemento, de relación, de razoamento,... para así poder dar resposta a diversidade en canto aos distintos estilos de aprendizaxe. Tamén é importante, a relación fluída co titor/a da aula, xa que é el/ela o que ten información máis directa de posibles factores que puideran influír no proceso de ensino-aprendizaxe de cada alumno. Por último, as horas de atención ao alumnado, o recreo e as consultas a través dun soporte informático, estarán moi presente ao longo do curso para que se utilice como medio de resolución de problemas no proceso de ensino-aprendizaxe xa que así, poderase ter unha atención máis personalizada co alumno.

Polo tanto, atendendo ao criterio de acadar a maior eficacia no grupo, poderase elixir en calquera momento, as actividades máis adecuadas para cada alumno/a, grupo de alumnos/as ou situación particular da clase. Por exemplo:

- No caso do alumnado de altas capacidades cunha enorme disposición para adquirir novas aprendizaxes deberemos proporcionarlle recursos, materiais adicionais, actividades de ampliación, situacións de estímulo e superación etc.

Algunhas das actividades que se lle ofrecería desenvolver durante o curso na materia de Bioloxía e Xeoloxía serían as seguintes:

- a) Actividades de exposición de artigos científicos orixinais para que os sintetice e os expoña ós seus compañeiros.
- b) Resolucións de problemas de nivel complexo.
- c) Elaboración de traballos de interese científico-social sobre determinados temas de actualidade: a contaminación por microplásticos, a fotosíntese versus a quimiosíntese, a biodiversidade e as especie invasoras, etc. para expoñelos en seminarios.
- d) Monitor de prácticas de laboratorio: axudaría ó profesor no desenrolo das prácticas de laboratorio (previo adestramento) asistindo ós compañeiros nas cuestións prácticas e teóricas que se desenvolvesen no laboratorio.
- e) Buscar novas científicas en revistas como Investigación y ciencia que poidan ser de interese, por estar relacionadas coa unidade didáctica que tratemos neses intres.

- Aplicaranse medidas de reforzo educativo a todos aqueles alumnos que o precisen.

Estas actividades de reforzo educativo comprenderán, segundo a consideración da docente, o traballo con diversos protocolos como aqueles para o alumnado con TDAH, dislexia, TEA,..., e todas aquelas modificacións metodolóxicas que se precisen ao longo do curso para que o alumnado sexa capaz de acadar os obxectivos de forma básica.

En determinados casos, e guiados polo Departamento de Orientación, tamén se elaborarán adaptacións curriculares significativas (ACS) introducindo modificacións no currículo (contidos e criterios de avaliación) para aqueles alumnos que o precisen.

#### PROGRAMA DE REFORZO PARA ALUMNOS REPETIDORES

Este programa está dirixido a aqueles alumnos que se vexan na obriga de cursar por segunda vez a materia que, ademais, non foi superada o curso anterior, cando se cursaba por primeira vez. Inclúe unha serie de medidas na aula para cada un destes alumnos: seguimento máis individualizado, titorización e resolución de dúbidas tanto na clase como en recreos ou horas libres se o alumnado o precisa, entrega de tarefas de reforzo de detectarse a súa necesidade, flexibilización de tempos en caso de ser preciso,... todas elas pretenden incentivar o estudo, ao mesmo tempo que tratan de clarificar posibles dúbidas do proceso de aprendizaxe.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Compresión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual								
ET.4 - Competencia digital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X	X					
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero	X			X				
ET.8 - Creatividade								

	UD 9
ET.1 - Compresión da lectura	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X

	UD 9
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia digital	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.7 - Igualdade de xénero	X
ET.8 - Creatividade	X

### Observacións:

Traballaranse na aula estes elementos transversais nas diversas actividades prantexadas na aula, nas lecturas escollidas de libros para poñer en común na aula, nos exercicios propostos para facer na casa, nos traballos trimestrais que realizará o alumando, nas charlas solicitadas a través do departamento de Orientación como consumo de drogas, hábitos saudables na sexualidade, diversidade LGTBIQ+,...

No deseño de actividades á hora de traballar tratarase de:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia e a pluralidade.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
PROXECTO ALIMÉNTATE BEN DO PLAN PROXECTA ORGANIZADO POLA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN	Este ano decidimos non solicitar o Proxecta Aliméntate Ben, pero no marco do mesmo realizaremos actividades relacionadas coa SEMANA DA FROITA E O LEITE. Estamos á espera de que se nos conceda.		X	X
CONMEMORACIÓN DO CENTRO	No claustro de inicio deste presente curso 2023/2024, decidiuse volver a conmemorar a nivel de centro e con actividades de todos os departamentos unha única data: 1 de Abril, día das Artes Galegas. Ademais, dende a materia, farase mención e traballaranse outros días simbólicos como o 11 de febreiro (día da muller e da nena na ciencia), o 5 de xuño (día do medio ambiente) etc.		X	
CELEBRACIÓN DO DÍA DA CIENCIA	Trataremos de que o 10 de Novembro poidamos realizar algunha actividade cos grupos das materias deste departamento para conmemorar esta data.	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
DIVERSAS CHARLAS PACTADAS CO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	dependendo dos aspectos considerados máis relevantes ao longo do curso: alimentación saudable, consumo de drogas, diversidade LGTBIQ+,...			X
POLO CREATIVO	concedido o mes de Outubro do 2022 ao IES Faro das Lúas no que poñemos en marcha o noso proxecto Senda das Lúas, no que a Bioloxía e Xeoloxía de 1ºESO colaborará traballando a flora colindante á Senda das Lúa tanto autóctona como invasora.			X
SAÍDA PARA A RECOLLIDA DE LIXO NA PRAIA XUNTO COA ASOCIACIÓN ADEGA	prevista para este mes de Outubro, probablemente para o mércores 18 de Outubro.	X		
SAÍDA CULTURAL PARA PASAR UNHA XORNADA COAS MARISCADORAS/ES	da cofradía de Vilanova de Arousa.		X	
PLANETARIO ¿NAVEGANDO POR EL UNIVERSO¿ CON ÍNIGO DE LA QUADRA-SALCEDO	(en caso de non poder acudir ao planetario da casa das ciencias en A Coruña ou que o grupo de 1º da ESO non asista á saída de A Coruña).			X

#### Observacións:

Como toda programación realizada a principios do curso escolar, esta é un documento orientativo que pode ser susceptible de modificacións para adaptarse á realidade das circunstancias ao longo do curso.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación da temporalización das UD, adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estrategias metodolóxicas en función da unidade didáctica
Medidas de atención á diversidade
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,...
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación das familias e do equipo docente no traballo do alumnado

### **Descrición:**

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. Este seguimento poderá realizarse na propia aplicación PROENS ademais de nun documento como o caderno da profesora.

O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento das sesións, os recursos dispoñibles, as actividades diarias,...

Ademais, as sesións de reunións de Departamento servirán para comentar, poñer en común,... tanto o seguimento como as propias propostas de mellora.

### **9. Outros apartados**